

**MARÉ****DAS LETRAS**

■ Asistirán catorce autores galegos

## Os escritores celebrarán o 'Galeusca' en Guipúscoa

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, Euskal Idazleen Elkarte e a Associació d'Escriptors en Llengua Catalana celebrarán nesta XXVI edición o seu encontro Galeusca en Arantzazu, Gipúscoa, entre o 9 e o 12 deste mes de outubro.

O tema central elixido para este ano está adicado a *Pequenas Literaturas, grandes retos*. A delegación galega estará formada polos escritores Alfredo Ferreiro, Antía Otero, Antón Riveiro Coello, Armando Requexo, Cesáreo Sánchez, Dorcas Tembrás, Eva Moreda, Fran Alonso, Francisco Castro, Laura Caveiro, Marcos Calveiro, Mercedes Queixas, Paco Souto e Rexina Vega. ● MARÉ